

# “CUMPLE ESCAPES” en VigoZoo-2022

Ola amigos, en VIGOZOO sabemos o importante que é o día do voso Aniversario por iso queremos que o celebredes connosco e que pasedes un día diferente e divertido coñecendo o mundo dos animais, os seus costumes e curiosidades. Ofrecémosvos a posibilidade de pasar un día inesquecible e convertervos en NATURALISTAS de VIGOZOO da man das nosas monitoras/res.

## ESPECIFICACIÓNS

Trátase dunha actividade con compoñente educativo e de lecer, que inclúe unha visita guiada e unha proba baseada nos populares “escapes / busca do tesouro”, concepto que agrupa xogos de enxeño e aprendizaxe.

Constará de 10 probas nas que cada equipo formado deberá atopar e resolver cada unha delas en menos dunha hora, ata chegar a unha proba final.

Ao longo do parque iranse atopando tablillas con pistas escritas que lles permitirán seguir avanzando nas distintas probas.

Cada grupo deberá atopar as táboas e ir acumulándoas ata ter as 10 que completan o circuito.

## OBXECTIVOS

1. Lograr completar todas as probas da actividade.
2. Participar cooperativamente entre todos os membros do equipo, respectando as normas e distintos espazos do parque.
3. Coñecer as características e peculiaridades dos animais e plantas existentes en VigoZoo.

## CALENDARIO

De luns a domingo nos días de apertura de VigoZoo.

[Consultar aquí](#)

## HORARIO

De mañá (unicamente os sábados), de 11:00 a 14:00 horas.

De tarde: Distintos horarios e días segundo o mes.

Horario 1: 16.30-18.30 (novembro, decembro e xaneiro), só sábados e domingos.

Horario 2: 17.00-19.00 (sábados e domingos de febreiro) e (marzo e outubro excepto luns)

Horario 3: 17.30-19.30 (de abril a setembro), excepto domingos de xullo, agosto e 19 e 26 de xuño.

## **OFRECEMOS:**

A actividade inclúe 2 horas de monitorado para a realización dunha visita guiada e unha proba baseada nos populares "escapes / búsqueda do tesouro", con visita á cabana da árbore no que os pequenos/as naturalistas terán a oportunidade de observar e tocar diferente material biolóxico.

De querer realizar unha merenda, ofrecémosvos o noso espazo de Merendero na zona de Granxa, cos seus correspondentes servizos hixiénicos, onde poderedes soprar as correspondentes candeas ao homenaxeado e gozar do convite que teñades preparado.

O uso deste espazo poderá ser anterior ou posterior á actividade. De ser posterior deberá terse en conta o horario de peche do parque correspondente á data de celebración.

**IDADE:** de 3 a 14 anos.

**NÚMERO DE ASISTENTES:** mínimo de 10 e máximo de 25.

**PREZO:** 3,20 €/participante.

**ACOMPAÑANTES ADULTOS:** Gratuito 2 adultos. Os restantes adultos abonarán no despacho de billetes o prezo da entrada correspondente:

[TARIFAS](#)

**INVITACIÓNS:** descargar na seguinte ligazón ou recoller en despacho de billetes.

[Descarga Invitacións](#)

## **INFORMACIÓN E RESERVAS:**

A reserva efectuarase previo pago do mínimo de 10 asistentes. O resto de participantes abonarán no despacho de billetes o importe correspondente.

Pódese reservar a través do enderezo electrónico ou no teléfono:

986 26 77 83 de 10:30 a 20:00 horas, de luns a venres non festivos en horario de apertura do parque:

[Consultar aquí](#)

Unha vez confirmada a reserva, deberase facer o ingreso de forma presencial ou por transferencia bancaria, enviando o xustificante de pago de un mínimo de 10 nenos/as a:

taquilla.vigozoo@vigo.org

O período de reserva dos aniversarios finaliza 5 DÍAS anteriores á celebración do mesmo.

Máis información [www.vigozoo.com](http://www.vigozoo.com)

## NORMATIVA

Debemos lembrar que Vigozoo na actualidade está a reforzar a súa posición como centro de acollida e recuperación de animais **enmarcado nun proxecto de Educación Ambiental**. Moitos exemplares que se poden observar nas instalacións foron vítimas de malos tratos ou proveñen de centros de recuperación, polo que precisan dun ambiente tranquilo. Para que a visita transcorra de maneira amena, divertida e sobre todo educativa, e que todos podamos gozar vendo os animais que conviven no noso parque, pretendemos motivar aos nenos cara ao agarimo e respecto aos animais e a súa contorna, polo que se fai necesario cumprir unha serie de normas que a continuación lles presentamos; este pequeno xesto axudará ao noso labor:

- 1.** Non tocar os animais do parque.
- 2.** Evitar correr polas instalacións do parque, tanto os nenos como nós mesmos, nin subir nin traspasar os valos e muros de seguridade, están para protexernos.
- 3.** Non tocar nin golpear os cristais, porque os animais asustaranse e esconderán.
- 4.** Procurar non gritar, pola mesma razón anterior.
- 5.** Non dar para comer aos animais, porque lles podemos provocar importantes problemas de saúde e poden mordernos.

Nesta visita acompañaralles un/a de os nosos/ as monitores/as, polo tanto, se queremos aprender curiosidades e características dos nosos animais debemos ir en grupo e sempre detrás do monitor/a. Se seguimos estas sinxelas normas, poderemos gozar dunha tarde inesquecible nas nosas instalacións.

A hora de chegada dos participantes poderá ser anterior ao horario establecido para a actividade. Unha vez finalizada poderase gozar libremente das nosas instalacións, sempre dentro do horario de visitas.

**IMPORTANTE:** O cumprimento final da normativa exposta debe ser responsabilidade dos responsables e acompañantes adultos e o feito do seu incumprimento de forma reiterada terá como consecuencia a REDUCCIÓN e/ou SUSPENSIÓN da mesma, sen que exista ningunha contraprestación económica nin reembolso do pago da entrada efectuado.

[Volver Actividades](#)